

Rexeitamento da iniciativa

- 3172 (11/PNC-000356)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a execución polo Goberno galego das obras de ampliación do conservatorio profesional de música de Santiago de Compostela

BOPG nº 30, do 14.10.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 3803 (11/PNC-000439)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia, antes do remate do actual período de sesións, da información detallada do destino dos 92.987.530 euros recibidos do Goberno central para gastos educativos e correspondentes ao tramo 3 do Fondo Covid-19 creado polo Real decreto lei 22/2020

BOPG nº 36, do 28.10.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 5201 (11/PNC-000619)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co uso da lingua galega como lingua vehicular do ensino, como lingua propia e oficial de Galicia, e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto

BOPG nº 49, do 19.11.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2020

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Cualificación e puntuación total da fase de oposición das probas selectivas para o ingreso por promoción interna nunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia

Con data do 19 de novembro do 2020 realizáronse as dúas partes de que consta o primeiro exercicio da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso por promoción interna nunha praza



do corpo administrativo do Parlamento de Galicia. Nesa mesma data, segundo a base 6.1.3, procedeuse á publicación das cualificacións obtidas e que foron as seguintes:

Aspirante	Puntuación 1ª proba	Puntuación 2ª proba	Puntuación total 1º exercicio
Teodoro García Rodríguez	9,30	13,25	22,55 puntos
Marina Lorenzo Santalucía	10,20	3,00	13,20 puntos

Segundo a base sexta da convocatoria, para poder superar este primeiro exercicio é necesario acadar unha puntuación mínima de 15 puntos. Á vista da puntuación acadada, o aspirante Teodoro García Rodríguez continúa no proceso selectivo para a realización do segundo exercicio.

Con data do 24 de novembro de 2020 o xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior acredita que consta en poder desta Administración que Teodoro García Rodríguez ten un curso de perfeccionamento de galego de 75 horas, polo que, segundo a base 6.1.1, queda exento da realización do segundo exercicio e cualifícase como apto.

Segundo a base 6.1.3, só superarán a fase de oposición as persoas aspirantes que superen o primeiro exercicio e acaden a cualificación de apto no segundo, e a cualificación acadada na fase de oposición será a puntuación total do primeiro exercicio, do seguinte xeito:

Aspirante	Segundo exercicio	Puntuación da fase de oposición
Teodoro García Rodríguez	EXENTO	22,55 puntos

Este tribunal ordena, unha vez rematada a corrección dos dous exercicios, publicar no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na súa páxina web a puntuación da fase de oposición. Concédese a partir dese momento un prazo de dez días para que as persoas aspirantes efectúen ante o tribunal as alegacións que estimen oportunas.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2020
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Presidente do tribunal

